

Concello de Viveiro

Expte.: 1193/2022

Asunto: Protocolo covid Antroido 2022

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Viveiro, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Tendo en conta a situación sanitaria que estamos vivindo, para poder levar a cabo as actividades de Antroido, o Concello encargou o protocolo covid a empresa de riesgos IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o seguinte protocolo, que dí literalmente así:

“PROCOLO PARA A PREVENCIÓN DO CONTAXIO DA COVID-DURANTE O ENTROIDO

INTRODUCCIÓN

A evolución da situación sanitaria fai necesario introducir modificacións na celebración de espectáculos públicos que poden provocar a formación de aglomeracións de persoas.

Resulta obvio que o desenvolvemento destas actividades deberá facerse adoptando tódalas medidas de prevención establecidas polas autoridades sanitarias para evitar a transmisión da COVID-19; medidas que resultan de obrigado cumprimento por parte de todas as persoas que acudan ás diferentes actividades que se organizan durante o entroido polo concello.

As medidas recollidas no presente documento están en contínua revisión en función da **actualización e adaptación das normativas vixentes** referentes á COVID-19.

OBXECTIVOS

O obxectivo deste protocolo é identificar os elementos que se van ver máis afectados polas necesarias medidas de hixiene e seguridade que implica a COVID-19 e propor un **conxunto de medidas e actuacións para afrontar a festividade do ENTROIDO.**

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

Neste documento propóñense medidas xerais e específicas de seguridade e prevención para o desenvolvemento das actividades do ENTROIDO adaptadas á nova situación. Establecendo medidas e recomendacións aplicables tanto aos colectivos de traballadores propios coma aos alleos con dependencia directa de empresas que presten servizos externalizados ou subcontratados.

A COVID-19: SÍNTOMAS E FORMA DE CONTAXIO

Segundo o establecido polas autoridades sanitarias, os síntomas máis habituais da COVID-19 son a febre, a tose seca e o cansancio. Pode haber outros síntomas atípicos e pouco frecuentes como pode ser dor de garganta, perda do gusto ou olfato e dores musculares, entre outros.

Unha persoa pode contraer a COVID-19 por contacto con outra que estea infectada polo virus.

A enfermidade propágase principalmente de persoa a persoa a través das gotículas que saen despedidas da nariz ou a boca dunha persoa infectada ao toser, estornudar ou falar. Unha persoa pode contraer a COVID-19 se inhala as gotículas procedentes dunha persoa infectada polo virus. Por eso é importante manterse alomenos a 1,5 metros de distancia dos demais ou uso de máscara se non se pode garantir esa distancia interpersoal de seguridade.

Estas gotículas poden caer sobre os obxectos e superficies que rodean á persoa, como mesas, pomos, varandas, material deportivo, etc. de modo que outras persoas poden infectarse se tocan eses obxectos ou superficies e logo tócanse os ollos, o nariz ou a boca. Por elo é importante lavarse as mans frecuentemente con auga e xabón ou con un desinfectante a base de alcól, evitar tocarse os ollos, a boca ou o nariz.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

En relación coas medidas preventivas, priorizarse a adopción de medidas organizativas e a protección colectiva de tódolos implicados na actividade artística.

1.-CELEBRACIÓN DO CERTAME DE ALPUXARRADAS:

CONTROL DE AFORO NO TEATRO PASTOR DÍAZ

O Teatro Pastor Díaz ten capacidade, en circunstancias normais, para 393.

O aforo permitido nas circunstancias actuais é do 100% da capacidade, polo que o



Concello de Viveiro

aforo máximo permitido: **393 persoas**.

O aforo permitido sinalizarase no exterior do auditorio e en tódalas dependencias do mesmo: vestiarios, escenario, patio de butacas, etc.

ASISTENCIA DE PARTICIPANTES E PÚBLICO NO TEATRO

O público deberá permanecer **sentado**.

O Teatro abrirá 30 minutos antes do inicio do Certame, polo que se aconsellará que os asistentes acudan con tempo dabondo para evitar aglomeracións.

Medidas de distanciamento social

- ▶ Cando as medidas de distanciamento social no escenario durante o desenvolvemento do Certame non sexan posibles, o responsable do mesmo detallará as condicións nas que se desenvolverá o espectáculo establecendo as medidas de seguridade necesarias segundo a avaliación de riscos tales como: establecemento de marcas de posición dos participantes no certame ou dos elementos escénicos.
- ▶ Se o Certame require que nalgún momento se actue na zona habilitada para o público, deberá respetarse en todo momento a distancia de seguridade.
- ▶ Para os participantes no Certame, o Concello, no caso de non poder manter a distancia interpersonal de seguridade establecida (1,5 m) poderá solicitar que leven a máscara posta ou ben un test de antíxenos ou PCR.
- ▶ Cando, polas condicións de desenvolvemento da actividade e capacidade máxima autorizadas en cada caso, non sexa posible manter esta distancia de seguridade, no se permitirá o consumo de alimentos e bebidas e deberá garantirse una adecuada ventilación o realizarse o Certame en espazo pechado.
- ▶ Deben realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de, polo menos 30 minutos ao comezo e ao final da xornada, así como de forma frecuente durante esta. No caso de utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e limitarse ao mínimo indispensable a función de recirculación do aire interior.
- ▶ Para o acceso as instalacións do Teatro ao público o Concello pedirá o certificado COVID, no caso de persoas maiores de 12 anos.



Concello de Viveiro

Medidas de desinfección e limpeza de superficies e material

- ▶ Antes do certame realizárase unha desinfección xeral do local e do seu mobiliario, prestando especial atención ás zonas de maior contacto (superficies, pomos, lavabos, grifería, manivelas, taquillas, portas, teléfonos, botón de descarga do wc, etc.)
- ▶ Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectarase as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se mezclarán produtos diferentes.
- ▶ No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, dispórase de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
- ▶ Dispórase de papeleiras pechadas e con accionamento non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se cambie alomenos unha vez ao día.

Medidas a adoptar polo público asistente

- ▶ É obrigatorio o uso de máscara para entrar e saír do auditorio e durante todo o tempo que dure a función.

Medidas organizativas

- ▶ En tódalas entradas do Teatro dispónse de xel hidroalcohólico para o seu uso polo público asistente.
- ▶ A entrada ao Teatro farase pola porta principal de xeito escalonado.
- ▶ Para evitar aglomeracións, a saída do público realizarase por tódalas portas existentes, indicando por megafonía que saída se debe empregar en función da butaca que se ocupe.
- ▶ Debe respetarse en todo momento a sinalización existente nas instalacións e atender ás indicacións recollidas na cartelería exposta.



Concello de Viveiro

- ▶ Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.

2.- EN ATRACCIÓNS (COLCHONETAS)

Medidas organizativas en atraccións

- ▶ Nos espazos en que se instalen atraccións, respetarase a distancia de seguridade interpersonal.
- ▶ Deberanse sinalar o espazo en que se desenvolvan as atracción de tal maneira que se facilite o establecemento de puntos diferenciados para a entrada e saída, que deberán estar identificados con claridade
- ▶ Tanto os asistentes como o persoal das atracción deberá levar máscara de maneira obrigatoria e lembraráselles aos asistentes, por medio de carteis visibles, dita obrigatoriedade, así como as normas de hixiene e prevención.
- ▶ O aforo das atraccións será do 100%.
- ▶ Disporanse dispensadores de xel hidroalcohólico e desinfectantes en cada atracción.

3.-DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES O AIRE LIBRE

Medidas organizativas

- ▶ Non están permitidas as carpas con lonas laterais que impidan a ventilación natural
- ▶ Obrigatoriedade do uso da mascarilla para as persoas de 6 ou máis anos cando non sea posible manter a distancia de seguridade interpersonal.
- ▶ A distancia interpersonal mínima será de 1,5 metros. Evitarase o contacto físico e cumprirase a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersonal.
- ▶ Disporanse dispensadores de xel hidroalcohólico e desinfectantes en cada posto de actividades.
- ▶ Os organizadores tomarán as precaucións oportunas para evitar a formación de aglomeracións.



Concello de Viveiro

4.- CELEBRACIÓN DO DESFILE DE ENTROIDO E ENTERRO DA SARDIÑA

- ▶ Con carácter previo á celebración dos mesmos, delimitarase o espazo e o itinerario co fin de procurar manter a distancia de seguridade interpersonal entre os participantes entre sí e co público asistente.
- ▶ O uso da máscara será obrigatorio para os participantes e para o público asistente.
- ▶ O Concello debe velar polo cumprimento das medidas de seguridade, hixiene e distancia interpersonal viventes (1,5m) así como de autorización de utilización de espazos públicos.

COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19

No caso de que un membro do persoal externo ou interno, teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade:

<https://www.sergas.es/Saudepublica/Novo-coronavirus-2019-nCoV?idioma=es>.

Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

En caso de detección dun sospeitoso por COVID-19, seguiranse as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirarse do grupo e conducirse a outro espazo, facilitándolle unha máscara cirúrxica.

A zona onde se traslada a persoa afectada contará cunha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar.

Contactarase co centro de saúde correspondente ou co teléfono de referencia (900 400 116), e seguirán as súas instrucións. Se se percibira gravidade chamarase ao 061.

Realizarase unha boa ventilación, limpeza e desinfección deste espazo e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para desbotala.

En todo caso, seguiranse en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.

CONSIDERACIÓNS ANTES DE ACUDIR AS ACTIVIDADES DO ENTROIDO

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARSCoV-2, por presentar sintomatoloxía compatible coa COVID-19 ou estar pendentes dos



Concello de Viveiro

resultados de probas diagnósticas por este motivo e as que sexan consideradas como caso confirmado com infección activa deberán seguir as condicións de illamento que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sem poder abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento en ningún caso.

As persoas consideradas contato estreito dun caso deberán seguir as condicións de corentena ou vixilancia que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública.

• Segundo.- Ordenar a publicación desta resolución na páxina web e no Taboleiro de Anuncios Dixital do Concello de Viveiro.

Terceiro.- Poñer en coñecemento deste protocolo a todos os participantes nas a actividades de Antroido 2022.

A Alcaldesa-Presidenta

Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do
Real Decreto 128/2018
A Secretaria,

Asdo.: María Loureiro García.

Asdo.: María Luz Balsa Rábade.

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

